

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE XANEIRO DE 2013

LICENZAS

CORRECCIÓN DE ERRO

LIC/1993/2012.- ALVARO NOYA PENA Corrección de erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do día 27 de decembro de 2011.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/50/2013.- RUBEN BALUJA ALENLIC/1839/2006 2.500 €

LIC/57/2013.- JOSE POMBO SEOANE.LIC/12/20003.660'16 €

3 a 44.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

45.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á designación de rúas.

Á vista do informe emitido pola Sección de Catastro e Censos, a XGL aprobou, a proposta da concelleira de Facenda, rectificar o acordo anterior sobre a denominación de varias rúas do Parque empresarial da Sionlla (cadro adxunto) e, o mesmo tempo, incorporar outra vía máis, quedando pois da forma seguinte:

Sigla vía	RUA
Nome provisorio	B SUND40
Nome definitivo	RUA DO PAÍS VASCO
Sigla vía	RUA
Nome provisorio	E SUND40
Nome definitivo	RUA DA RIOXA
Sigla vía	RUA
Nome provisorio	H SUND40
Nome definitivo	RUA DA REXIÓN DE MURCIA
Sigla vía	RUA
Nome provisorio	I SUND40
Nome definitivo	RUA DAS ILLAS BALEARES

Incorpórase tamén a vía J-SUND 40 que pasará a denominarse Praza das Illas Canarias.

46.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á adscrición de tres autobuses ao servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros e a súa incorporación ao contrato xestionado pola UTE TRAPSA-AULASA (TRALUSA).

Á vista dos informes da Empresa Municipal TUSSA e o Departamento de Contratación a XGL aprobou a adscrición dos tres autobuses ao servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros e a súa incorporación ao contrato xestionado pola UTE-TRAPSA-AULASA (TRALUSA).

47.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á apertura do procedemento de desafectación de inmovible para a realización de diversas actividades de formación e inserción laboral do departamento de Emprego.

Diante da necesidade de contar con espazos específicos para o desenvolvemento de novos programas e coa finalidade de rendibilizar ao máximo os espazos de patrimonio inmovible propio do Concello de Santiago, a XGL aprobou solicitar á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación a desafectación do inmovible do antigo grupo escolar de Albudiño, sito na parroquia de San Xoán de Fecha, por deixar de ser necesario para o desenvolvemento do servizo público de ensino.

URXENCIAS

1.- Autorización do contrato menor para a xestión de expedientes sancionadores contra a normativa de tráfico vial urbano do Concello. Importe: 17.999 euros.

2.- Prórrogase o contrato de prestación do servizo de mantemento, conservación e nova instalación de sinalización horizontal e vertical do termo municipal de Santiago ata 31 de xaneiro de 2014 por importe de 265.377 euros.

3.- Apróbase o desglose da aplicación orzamentaria de benestar social-MAPIS. Importe: 162.000 euros.

4.- Apróbase o Plan de Formación Continua do Concello. Importe: 59.450 euros.

5.- Apróbase o expediente do servizo de medición de ruídos derivados de actividades de carácter comercial, industrial ou de calquera outra fonte de ruído no termo municipal de Santiago. Importe: 8.264, 46 euros.

6.- Apróbase o expediente do servizo de conserxería e limpeza de instalacións deportivas municipais en 5 campos de fútbol e 8 pavillóns por importe de 450.000 euros.